

Seíam'eu... en San Simón

# A música afonsina en Galicia

## A pegada de Afonso X o Sabio na música galega

San Simón
Sábado, 2 de outubro de 2021

Consello da Cultura Galega

Concello de Redondela

Do manuscrito ao espazo sonoro, no século XXI a música afonsina chega ata nós materializada nas partituras que pousan nos atrís e por medio de instrumentos que o saber e a habelencia artesanais poñen hoxe nas mans dos e das intérpretes.

Nese lugar máxico que é a illa de San Simón, onde sempre acontece o extraordinario (no senso máis literal da palabra), e novamente en colaboración co Concello de Redondela, o Consello da Cultura Galega convídavos a rastrexar a pegada musical de Afonso X compartindo experiencias materiais e inmateriais que nos permitirán entender mellor a súa xenealoxía e, tamén, o seu legado, máis vivo ca nunca na música galega, como teredes ocasión de comprobar. Da man de especialistas como Francisco Luengo, Esperanza Mara, Luciano Pérez e Carlos Villanueva, penetraremos na marabillosa contemporaneidade da súa obra e sentirémola máis viva ca nunca. Neste ano 2021, no que conmemoramos o 800 aniversario do nacemento do monarca, o seu fértil legado cobra unha extraordinaria dimensión cando se avalía, por unha banda, no contexto da música medieval galega e, por outra, no de todo o labor cultural e artístico promovido polo Rei. A un mellor coñecemento e a unha máis acaída valoración de todo isto, dende a actualidade, quere contribuír o Consello da Cultura Galega co amplo abano de actividades que este ano está a promover, en xeral, e con esta xornada musical en San Simón, en particular. Que a gocen.

# Programa

Sesión da mañá

12:00 horas
Inauguración
Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega
Digna Rivas, alcaldesa do Concello de Redondela
Xosé Ramón Pousa, coordinador do Arquivo Sonoro de Galicia (CCG)

12:30 horas
Conferencia inaugural
*O musicólogo: do manuscrito ao atril*
**CARLOS VILLANUEVA**, catedrático de Historia da Música na Universidade de Santiago de Compostela

13:30 horas
Xantar

Sesión da tarde

14:30 horas
*Os músicos: experiencias musicais*
**FRANCISCO LUENGO**, luthier e intérprete, director de Maladança
**ESPERANZA MARA**, soprano e intérprete de música medieval

16:30 horas
*Os instrumentos: obradoiro e experiencias*
**LUCIANO PÉREZ**, director da Colección de Instrumentos Musicais da Deputación de Lugo

17:30 horas
Peche da xornada

18:00 horas
Saída do barco de regreso

**Organiza**
Consello da Cultura Galega
Concello de Redondela

**Lugar**
Illa de San Simón
Redondela (Pontevedra)

**Inscrición**
A inscrición é obrigatoria e gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición no formulario que figura no web consellodacultura.gal. Para poder asistir é imprescindible confirmación expresa da dispoñibilidade de praza por parte da organización.

Haberá un servizo de transporte marítimo para acceder á Illa que sairá ás 11:30 horas dende o peirao de Cesantes en Redondela. Ao remate da xornada (arredor das 17:30 horas) realizarase o servizo de regreso.

Haberá un xantar na illa para todas as persoas asistentes á xornada.

**Máis información**
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en http://consellodacultura.gal

**Organiza:**

Consello da Cultura Galega

CONCELLO DE REDONDELA